

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



25 de Xulio do 1928



Núm. 251

## AO DECORREL-OS DIAS

«Día de Galicia». Resume de emocións e arelas cotidiáns. Renovación de patrióticos votos. A esperanza e a fé a rebulir nos beizos. Os brazos e o cerebro intensificando o seu laborar, a sua patriótica produción ofrendada á Patria. Unha ollada atrais para ollar o punto de partida. Os ollos vixiantes, esculcando o porvir que xá encetou o seu abrente lumioso. A xisión da vella Galicia, indiferente a si mesma. A da Galicia actual recuperando o seu patrimonio. O comenzo da Galicia nova en xurdia amostración de cultura e patriotismo. A satisfacción do deber cumprido nos «bós e xenerosos». A ledicia pol-o éxito, maior cada día, que estripou o camiño dos incoementes e dificultades. Nos antes indiferentes o decatamento do fenómeno nunca soñado. A necesidade de colaborar na tarefa. No final; un paso mais que Galicia xa deu no seu camiñar cara o seu verdadeiro día. O gran «Día de Galicia», do trunfo xa conquerido, de libertade.

A biblioteca universitaria galega áchase ameazada de morte. Pol-a mala instalación que ten. Os libros, pol-a aición da humedade, esváense apodrecidos. Voces patrióticas deron a alarma. A nosa non pode faltar e pedimos, mandamos a quen compre que tome inmediatamente as medidas necesarias para coutar con tempo a fatal desaparición da biblioteca. Non facelo así sería un crime de que teríamos que nos acusar todos e un baldón encol do bon nome de galegos que con unha indiferencia bárbara, salvaxe, noxenta deixan secar as suas fontes de cultura. Velemos por elas e pol-a propia estimación.

Alguén propuxo que durante a semán de Sant-Iago cada galego dera unha peseta para o Patronato universitario. Xa ficaron citadas as grandes cousas que se poderían facer. ¿Quén pode non considerar maravillosa a idea? Ahí vai a nosa peseta e o noso aprauso ao iniciador.